

ANUNCIO DA DIRECCIÓN DE XESTIÓN DAS PERSOAS POLO QUE SE FAI PÚBLICO O PROCEDEMENTO DE SUBSANACIÓN PARA DETERMINADAS CAUSAS DE EXCLUSIÓN DERIVADAS DE PAGAMENTOS ERRÓNEOS DAS TAXAS DO PROCESO SELECTIVO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 2 DE FEBREIRO DO 2026, DA DIRECCIÓN XERAL DA CSAG (DOG Nº 28, DO 11 DE FEBREIRO DO 2026).

A Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia S.A. convocou, por Resolución do 2 de febreiro do 2026 da Dirección Xeral, un proceso selectivo para o acceso, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, como persoal laboral fixo en diversas categorías do persoal da Corporación (DOG nº 28 do 11 de febreiro).

Por Resolución da Dirección Xeral da Corporación, de data 31 de marzo do 2026, fixéronse públicas na páxina web as listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas, procedendo á apertura dun prazo de 10 días hábiles para a subsanación e emenda.

As persoas aspirantes que aboaron, por erro, a taxa nunha contía inferior á necesaria poderán resultar admitidas sempre e cando rematen correctamente o pagamento segundo as seguintes instrucións:

PRIMEIRO.- As persoas que aboaron unha taxa nun importe inferior ao necesario para resultar admitidas poderán rematar o pagamento de xeito correcto. Para o anterior deberán aboar a diferenza entre a taxa aboada e a que lle correspondería á categoría na que pretenden a inscrición (Ver Anexo).

Deberán cumprimentar o modelo 731 de pago de taxas , cos seguintes códigos:

Consellería – 04 (Presidencia, Xustiza e Deportes)

Delegación – 13 (Servizos centrais)

Servizo – 23 (Compañía de Radio-Televisión de Galicia)

Taxa – 300302 (Inscrición nas oposicións para a selección de persoal da Comunidade Autónoma)

Obxecto do pago – Consignar a categoría á que se presenta, de ser varias deberá realizar un aboamento para cada unha.

Pode acceder á oficina da ATRIGA para o pago de taxas no seguinte enlace: <https://ovt.atriga.gal/#!/categoria/?Cidad%c3%a1ns/11609730/4127328> ou para confeccionar o impreso neste enlace: https://www.atriga.gal/es_ES/informacion-tributaria/tributos/taxas-e-precios/informacion-practica/confeccion-on-line-de-impresos-de-tasas-y-precios

SEGUNDO.- Dentro do prazo de subsanación (Do 1 ao 16 de abril ambos incluídos) deberán presentar o xustificante de pago a través dun rexistro oficial e adiantalo escaneado ao seguinte enderezo de correo electrónico: procesos.selectivos@crtvg.gal, coa finalidade de que se poida comprobar a realidade do mesmo.

As persoas interesadas que non completen o pagamento, e/ou non envíen o xustificante quedarán definitivamente excluídas do procedemento.


TERCEIRO.- O contido do presente anuncio fai referencia ás persoas que, por erro, realizaron un pagamento inferior ao necesario pero aboaron algunha contía.

As persoas que non realizaron ningún pagamento non poden subsanar a causa de exclusión, salvo que acrediten documentalmente a exención do importe total da taxa consonte co establecido nas bases da convocatoria.

O resto de alegacións presentadas resolverase mediante a publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas.

O prazo para realizar o pagamento abranguerá dende o día **1 ao día 16 de abril**, ambos incluídos.

San Marcos, 1 de abril do 2026



Víctor Tubío Villar
Director de Xestión das Persoas da CSAG

Anexo

Importes totais das taxas

Categoría	Importe total taxa en euros
Produtor/a	44,17
Titulado/a Medio/a	38,02
Técnico/a Administración	33,13
Reporteiro/a Gráfico	33,13
Técnico/a de Control	33,13
Axudante de Realización	33,13
Técnico/a de Son	33,13
Técnico/a de Iluminación	33,13
Oficial Administrativo/a	26,99
Operador/a Montador/a de vídeo	26,99
Auxiliar Administrativo/a	26,99
Iluminador/a	26,99
Oficial Técnico/a Electricista	26,99
Axudante de Producción	26,99